



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DAS FAMILIAS AO CONSELLO ESCOLAR 2018

De conformidade co establecido na Resolución do 25 de setembro de 2018 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 08.10.2018), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación no universitaria, e en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, a Xunta Electoral deste centro dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar de familias do alumnado realizándose deste xeito a renovación do **CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A Directora do Centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1966, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se prevé a designación de membros suplentes, celebrárase neste Centro o próximo **día 30, martes, ás 12'00 horas**. Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que próximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

As normas que se seguirán son as seguintes:

Renovarase a metade dos membros electos

"Se o número total de membros electos de este sector é impar, e neste centro é de 3, renovarase 1 membro."

No noso centro na elección dos responsables das familias hai 1 vacante.

Teñen dereito a voto todos os pais/nais, e se é o caso, titores legais do noso alumnado matriculado e incluídos no censo correspondente.

Son elixibles todos os pais/nais e, se é o caso, titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría e Oficina administrativa do centro. As candidaturas poderán ser presentadas entre os días 7 e 16 de novembro, ambos incluídos.

A campaña electoral desenvolverase entre o 20 e o 25 de novembro. As dependencias do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da xunta electoral, sempre que no altere o normal funcionamento do centro.

As votacións realizaranse no centro o luns 26 de novembro entre as 17:00h e as 20:00h

Cada elector deberá identificarse acreditando a súa identidade coa exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admitirá voto por correo.

Máis información na páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiasmirandas/>

Ares, 26 de outubro de 2018

A Presidenta da xunta electoral

M<sup>a</sup> Blanca Cortizas Gómez

